

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 14 DE DECEMBRO DE 2007.-

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as nove horas e trinta minutos do día catorce de decembro do ano dous mil sete, tivo lugar a sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. José Manuel Domínguez Freitas, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- D. Miguel A. Español Otero.
- Dna. Montserrat Magallanes Álvarez.
- D. Paulino Rodríguez González.
- D. Antonio Lomba Baz.
- D. Manuel Javier Crespo González

Asiste como Secretaria a do Concello Dna. Julia M<sup>a</sup> Carrasco Glez.-Alegre.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

PUNTO 1.- APROBACIÓN ACTAS SESIÓNS ANTERIORES.-(Ord. 16/11/1007, Ord. 23/11/07 e Ord. 30/11/07)).

O Sr. Presidente pregúntalle ós concelleiros se teñen algunha observación que facer ás actas correspondentes ás sesións celebradas os pasados días 16/11/2007, 23/11/2007 e 30/11/2007, manifestando os concelleiros que non teñen que facer ningunha observación polo que as actas son aprobadas pola unanimidade dos presentes.

PUNTO 2.- INSTANCIAS

Lese o escrito RE 8.697 de data 11 de decembro de 2006, presentado por D. MARCIAL SOBRINO BARROS, con enderezo na rúa Pintán, nº 31 de A Guarda, solicitando a revisión do contador de consumo de auga da súa vivenda.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que non procede a súa reclamación xa que, segundo informe do fontaneiro municipal, o contador funciona correctamente.

Dase conta do escrito RE 8.962 de data 13 de decembro de 2007, presentado pola VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR, comunicando que a Dirección Xeral de Acción Social vai financiar o desenvolvemento do Programa ANTA polos Servizos Sociais de atención primaria do seu Concello durante o exercicio 2008, sempre que se inclúa dito programa dentro da solicitude de subvencións destinadas á prestación de servizos sociais de atención primaria municipais.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Dase conta do escrito RE 8.963 de data 13 de decembro de 2007, remitido por CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, comunicando a resolución da Delegada Provincial de autorizar unha hora máis o horario límite vixente de peche dos establecementos de ocio do Concello de A Guarda os días 23, 24, 25 e 30 de decembro, e 1 e 6 de xaneiro.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello de A Guarda relativo á solicitude de prestación do Servizo de Axuda a Domicilio a favor de J.L.V.A..

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello de A Guarda relativo á solicitude de prestación do Servizo de Axuda a Domicilio a favor de J.A.G.R..

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello de A Guarda relativo á solicitude de prestación do Servizo de Axuda a Domicilio a favor de I. P.G..

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

Dase conta do certificado final de obra asinado por D. Hermelindo Martínez González como director das obras de reforma de vivenda unifamiliar no lugar de Buxán, nº 13 (Exp. de infravivenda nº PIR 0015/05).

A Xunta de Goberno Local dase por enterada e acorda aprobar dita certificación.

Dase conta do certificado final de obra asinado por D. Hermelindo Martínez González como director das obras de reforma e adaptación de vivenda unifamiliar para minusválido no lugar de Baliños, nº 29 (Exp. de infravivenda nº PIR 0021/05).

A Xunta de Goberno Local dase por enterada e acorda aprobar dita certificación.

Lese o escrito RE 8.902 de data 12 de decembro de 2007, presentado por CONFRARÍA DE PESCADORES "SANTA TECLA", con enderezo na rúa Baixo Muro, nº 32 de A Guarda, solicitando autorización para facer uso das instalacións da piscina municipal o vindeiro día 21 de decembro para realiza-la proba de práctica de natación do curso de competencia mariñeira.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado e dar traslado á piscina.

Lese o escrito RE 8.864 de data 11 de decembro de 2007, presentado por D. ROBERTO MARTÍNEZ DE ANTOÑANA DELGADO, con enderezo na rúa Julio Sesto, nº 64-1º de O Rosal, solicitando permiso para realizar unha tirada de tracas de luces na Noitevella o carón do local que rexenta na rúa José María Sesto, nº 23.

A Xunta de Goberno Local acorda remitir este escrito á Subdelegación de Goberno por considerar que lles corresponde esta competencia.

Lese o escrito RE 8.874 de data 11 de decembro de 2007, presentado por D. ANTONIO GÓMEZ RODRÍGUEZ, con enderezo na rúa Galicia, nº 16-1º de A Guarda, actuando en representación do Centro de Transfusión de Galicia, e solicitando que se lles facilite unha conexión eléctrica para conectar a unidade móbil de extracción de sangue na rúa Concepción Arenal.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado e dar traslado os servizos municipais correspondentes.

Lese o escrito RE 8.832 de data 10 de decembro de 2007, presentado por D. IVAN ALONSO FERREIRA, actuando en representación de Asociación Cultural Trisquel, con enderezo social na rúa Rosal, nº 54 de A Guarda, solicitando autorización para celebración das badaladas de fin de ano na Praza do Reló para o cal requiren un palco, a colaboración da Policía Local e a posibilidade de conectar a electricidade nas dependencias municipais. Asimesmo, solicitan permiso para a instalación dos equipos de son necesarios.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

Dase conta do escrito RE 8.837 de data 10 de decembro de 2007, presentado polo CONCELLO DE TUI, xuntando cédula de notificación do consumo de auga do mes de novembro de tal xeito que o mesmo ascende a 12.354,73 euros.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar dito consumo e que se proceda o seu pago.

Lese o escrito RE 8.809 de data 10 de decembro de 2007, presentado por DNA. CARMEN EMILIA BAZ MARTÍNEZ, con enderezo na rúa Colón, nº 21 de A Guarda, solicitando a colocación dunha rampa no final desta rúa paralela ás escaleiras que facilite o acceso con carros para nenos.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que é imposible acceder á súa solicitude posto que a pendente non permite colocala.

Dase conta do escrito RE 8.778 de data 7 de decembro de 2007, remitido por CONSELLERÍA DE TRABALLO, comunicando a resolución do Director Xeral de Formación e Colocación de non conceder as accións formativas solicitadas ó abeiro da Orde do 28 de febreiro de 2007 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública de subvencións para a programación de accións formativas experimentais e complementarias do PLAN FIP.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

### PUNTO 3.- ASUNTOS TRAIIDOS POR CONCELLEIROS

Lese o escrito RE 8.622 de data 3 de decembro de 2007, presentado por TERRA GALEGA, solicitando información sobre o estado no que se atopan determinados expedientes de reposición da legalidade e sancionadores por infracción urbanísticos sinalados no corpo do escrito.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado e se lle comunicará por escrito.

Lese o escrito RE 8.878 de data 11 de decembro de 2007, presentado por TERRA GALEGA, reclamando as copias das entradas e saídas solicitadas no seu escrito con rexistro de entrada nº 7.677.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado, se lle comunicará cando estean feitas, na medida das posibilidades dos servizos administrativos.

Neste momento abandona a sesión o Sr. Lomba Baz.

Asiste o funcionario do Concello D. José M<sup>a</sup> Álvarez Álvarez.

#### PUNTO 4- OBRAS MENORES

A Xunta de Goberno Local, tralo informe do técnico municipal, co orzamento fixado por este e conforme ó que xa foron ingresados nas arcas do Concello os correspondentes impostos e taxas locais, pola unanimidade dos presentes, e sen prexuízo de terceiros, acordou acceder á realización da obra que se sinala, non podendo iniciarse as obras ata que o técnico municipal as inspeccione previamente, debendo avisalo solicitante ó Concello con antelación suficiente.

A D. BASILIO VICENTE SANTIAGO, R.E. N<sup>o</sup>. 8.564 DE DATA 30 DE NOVIEMBRE DE 2007, E CON DOMICILIO NA RÚA DE GALICIA N<sup>o</sup>. 87 DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA REPARAR A CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 120,00 M<sup>2</sup>. CONSISTENTE NA RETIRADA DA TELLA CON ACOPIO, SUBSTITUIR O BARROTILLO DANADO E COLOCACIÓN DE TELLA EXISTENTE; PICADO DO MARMOL ENGADIDO DA FACHADA PARA DEIXAR O SILLAR ORIXINAL E LIMPEZA DESTA, DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE GALICIA N<sup>o</sup>. 87, EN SOLO URBANO (ORDENANZA N<sup>o</sup>. 1 DO P.X.O.U.).

*TRÁTASE DUNHA VIVENDA FORÁ DE ORDENACIÓN, POLO QUE AS OBRAS AUTORIZABLES SOLO SON DE CONSERVACIÓN E MANTENEMENTO, NON PODENDO SUBSTITUIR OS ELEMENTOS DE CUBERTA PRINCIPAIS (CERCHAS) QUE DEBERÁN MANTERSE, SO SE PERMITE A SÚA REPARACIÓN).*

A CONSTRUCCIONES I E J LIMA, S.L., R.E. N<sup>o</sup>. 7.866 DE DATA 31 DE OUTUBRO DE 2007, E CON DOMICILIO NA RÚA DE CARRETERA DE SAN ROQUE N<sup>o</sup>. 2 DE A GUARDA-C.P. 36789, PARA VACIADO DE SOLAR CUN VOLUMEN A DESMONTAR DE 216,00 M<sup>3</sup>. SITO NA RÚA DE A CAL N<sup>o</sup>. 175 PROPIEDAD DE D. JORGE VIDEIRA PENA, EN SOLO URBANO (ORDENANZA N<sup>o</sup>. 3 DO P.X.O.U.).

A HIDROMIÑO, S.L., R.E. Nº. 8.067 DE DATA 8 DE NOVIEMBRE DE 2007, E CON DOMICILIO NA RÚA DE XULIO SEXTO Nº. 64-3 BAIXO DE O ROSAL-C.P. 36770, PARA REFORMA DO PISO 1º CONSISTENTE NA COLOCACIÓN DE GALERIA DE PVC BLANCO EN BALCÓN E CAMBIO DE AZULEXO BLANCO DE 20X20 NUNHA SUPERFICIE DE 22,12 M². E SOLADO DE BALDOSA DE GRES NUNHA SUPERFICIE DE 4,00 M²., SITO NA RÚA DE MARIANO ORDOÑEZ Nº. 6 EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

#### PUNTO 5.- PRÓRROGA DE OBRAS

Lese o escrito RE 8.655 de data 4 de decembro de 2007, presentado por D. FRANCISCO GABRIEL GONZÁLEZ PACHECO, con enderezo na rúa Rosal, nº 11 de A Guarda, solicitando prórroga de obras para a licencia 108/2007.

A Xunta de Goberno Local acorda concederlle a prórroga de obra á licencia 108/2007 por un ano.

Lese o escrito RE 8.766 de data 7 de decembro de 2007, presentado por CONSTRUCCIONES ENRIQUE DOMÍNGUEZ MARTÍNEZ, con enderezo na rúa 3ª Transv. Netos, nº 2 de A Guarda, solicitando prórroga de obras para a licencia 141/2007.

A Xunta de Goberno Local acorda concederlle a prórroga de obra á licencia 141/2007 por un ano.

#### PUNTO 6.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENCIA DE OBRAS

Lese o escrito RE 8.886 de data 11 de decembro de 2007, presentado por PROMOCIONES PROMOGALI, S.L., con enderezo social na rúa Pacífico Rodríguez, nº 11-4ª de A Guarda, solicitando cambio de titularidade da licencia nº 43/2007 que figuraba a nome de Viviendas Baero, S.L.. pasando a nome do comprador PROMOCIONES PROMOGALI, S.L.. para o que adxunta escritura de compra. Asimesmo solicita a devolución do aval presentado por Viviendas Baero, S.L. a esa empresa xa que a nova empresa promotora constituíu outro para substituír o anterior.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

## PUNTO 7.- LIQUIDACIÓN COMPLEMENTARIA

A Xunta de Goberno Local, vista a instancia presentada por D. SERAFIN PORTELA AMORIN, R.E. N.º. 8.572 DE DATA 30 DE NOVEMBRO DE 2007, E CON DOMICILIO NA RÚA DE 1º TRANSVERSAL BALIÑOS N.º. 16 DE A GUARDA-C.P. 36789, PARA LIQUIDACIÓN COMPLEMENTARIA Á LICENCIA N.º. 202/2003 OUTORGADA POLA COMISIÓN DE GOBERNO EN SESIÓN DE DATA 12-09-2003, PARA LEGALIZACIÓN DAS MODIFICACIÓNS FINAIS POR (*AUMENTOS E DISTRIBUCIÓN NA PLANTA PRIMEIRA*), RESPECTO DO PROXECTO TÉCNICO BÁSICO E EXECUCIÓN PRESENTADO CON DATA 15/05/2003 E R.E. N.º. 3.434, PARA CONSTRUCCIÓN DE “VIVENDA UNIFAMILIAR” COMPOSTA DE (PLANTA BAIXA, PLANTA PRIMEIRA E PLANTA DE BAIXO CUBERTA), SITA NA RÚA DE 1º TRANSVERSAL BALIÑOS N.º. 16, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE “SALCIDOS” (ORDENANZA N.º. 9-B [ÁREA DE TOLERANCIA] DO P.X.O.U.).acorda proceder á liquidación complementaria da licencia 202/2003.

## PUNTO 8.- OBRAS MAIORES

A Xunta de Goberno Local, tralo informe do arquitecto técnico do Concello, acorda acceder ó solicitado polas persoas que se citan, tendo que cumprilo interesado as seguintes condicións:

1.- De conformidade co disposto no decreto 311/93, a vivenda terá que obter deste Concello, trala visita e informe técnico para o respecto, A LICENCIA DE 1ª OCUPACIÓN, requisito indispensable para ocupa-la vivenda; trámite este que se producirá con independencia da presente licencia, e que terá que ser solicitada ó Concello por vía de instancia oficial, facendo constar que a inexistencia da licencia de 1ª ocupación non permitirá a conexión ós servizos de auga, luz, etc., tendo que ser solicitados os citados servizos a través da correspondente instancia ó Concello, e unha vez obtida a licencia de 1ª ocupación.

2.- O titular da presente licencia de obras terá que colocar a pé de obra un cartel indicativo da mesma, de 1,20 x 0,85 mts, co núm. de licencia, data do seu outorgamento, redactor do proxecto e aparellador, así como nome e apelidos do propietario e mailo contratista da obra.

3.- A presente licencia caducará:

- Se transcorresen seis meses sen que as obras fosen iniciadas.
- Se as mesmas non se rematasen no prazo de 3 anos.

Ámbolos dous prazos contaránse a partir do día seguinte á notificación da presente licencia.

4.- Acórdase a aprobación provisional do Imposto de Construcións e Obras e Taxa de Licencia de Obras, segundo a autoliquidación practicada, podendo ser a mesma revisada polo Concello.

5.- As obras teranse que realizar de conformidade co disposto nos artigos 2.5.12 (Condicións das obras en relación coas vías e servizos públicos) e 2.5.14 (valado das obras) recollidas no vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana.

6.- As obras autorizadas só poderán ser realizadas por empresa de construción que posúa o correspondente documento de cualificación empresarial.

7.- Unha vez iniciadas obras e inmediatamente despois do enrase e formigonado da cimentación, polo propietario ou no seu caso polo contratista, solicitarase do concello a presenza do técnico municipal, para revisa-lo axeitado das obras á licencia concedida, o que se volverá a realizar unha vez executada a cubrición.

8.- A licencia outórgase sen prexuízo de terceiros.

A IMERYS KILN FURNITURE ESPAÑA, S.A., R.E. Nº. 5.682 DE DATA 2 DE AGOSTO DE 2007, E CON DOMICILIO NA RÚA DE JOSÉ MARÍA SESTO, S/N. (AS CACHADAS) DE A GUARDA-C.P. 36789, PARA TRASLADO DUNHA PLANTA SATÉLITE REGASIFICADORA DE GAS NATURAL LICUADO, SITO NA RÚA DE JOSÉ MARÍA SESTO, S/N. (AS CACHADAS), EN SOLO URBANO INDUSTRIAL (ORDENANZA Nº. 6 DO P.X.O.U.) *“EDIFICACIÓN INDUSTRIAL”*.

A BECARA PARK, S.L. REPRESENTADO POR D. ALFONSO MANZANO BARRIGA, R.E. Nº. 3.583 DE DATA 22 DE MAIO DE 2007, E CON DOMICILIO OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN NA RÚA DE TRANSVERSAL TRONCOSO Nº. 5-7 BAIXO DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA OBRAS DE “ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARA ACTIVIDADE DE XARDINS DE RECREO (Epig. 981.2)” DO LOCAL DENOMINADO *“PLANET PARK”* SITO NA RÚA DE TRANSVERSAL TRONCOSO Nº. 5-7 BAIXO, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.) *“EDIFICACIÓN EN BLOQUE CERRADO”*.

A PC CHICKEN PARK, S.L. REPRESENTADO POR D. JORGE PÉREZ DA CUNHA, R.E. Nº. 5.210 DE DATA 12 DE XULLO DE 2007, E CON DOMICILIO OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN NA RÚA DE LADA-BUXÁN Nº. 2 DE A GUARDA-C.P. 36789, PARA OBRAS DE “ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARA ACTIVIDADE DE RESTAURANTE” DO LOCAL DENOMINADO *“PC CHICKEN PARK”* SITO NA RÚA DE BOUZO Nº. 16-BAIXO, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.) *“EDIFICACIÓN EN BLOQUE CERRADO”*.

A D. MIGUEL ANGEL CABANELAS ARAUJO E D<sup>a</sup>. CRISTINA DIAZ ÁLVAREZ, R.E. N<sup>o</sup>. 6.093 DE DATA 22 DE AGOSTO DE 2007, E CON DOMICILIO NA RÚA DE CARRETERA CAMPOSANCOS N<sup>o</sup>. 81 DE A GUARDA-C.P. 36788, PARA CONSTRUCCIÓN DE “VIVENDA UNIFAMILIAR” DESARROLLADA EN (PLANTA BAIXA E PLANTA DE BAIXO CUBERTA), SITA NA RÚA DE CARRETERA CAMPOANCOS, S/N., EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE “CAMPOSANCOS” (ORDENANZA N<sup>o</sup>. 7 DO P.X.O.U.).

*Non habendo máis asuntos a tratar o Presidente levanta a sesión ás doce horas e vinte minutos do día da data do que eu, como Secretaria, dou fe.*